



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



CORUÑA
➤ PRÓXIMA

Proxecto


Orzamentos 2018

INGRESOS E CAPTACIÓN DE FONDOS EXTERNOS

Os ingresos totais do Concello da Coruña previstos para o ano 2018 ascenden a **246,8 millóns de euros**, 7,4 millóns máis que as previsións iniciais de 2017, un **crecemento do 3,1%**. Trátase do **maior presuposto municipal dos últimos dez anos** excluindo os exercicios electorais de 2011 e 2015.

Nesta evolución resultou determinante a capacidade do goberno local para a **captación de fondos externos**. No capítulo VII, correspondente ás transferencias de capital destacan as contías procedentes do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), que por medio do **programa EIDUS** (Estratexia Integrada de Desenvolvemento Urbano Sostible) aportan **5,4 millóns** de euros ao orzamento. Nestes orzamentos expansivos tamén influen as transferencias procedentes da Deputación da Coruña, nomeadamente en relación ao protocolo asinado para o cofinanciamento das obras de **substitución das cubertas do estadio de Riazor**, para as que o ente provincial achegará un **millón de euros**, e o **carril bici metropolitano**, que suporá unha achega de **355.000 euros**.

Como xa sucedera cos orzamentos de 2017, actualmente en vigor, o escenario xeral de ingresos está fortemente condicionado pola **ausencia de Orzamentos Xerais do Estado**, que limita as previsións de crecemento dos ingresos por Participación nos Ingresos do Estado, nun contexto de incrementos significativos da recadación estatal, e **impide incorporar previsións** de ingresos por transferencias de capital en programas de investimento moi significativos, como os relativos ás **políticas de rehabilitación de vivenda**.



En termos económicos, o **gasto non financeiro** increméntase en **máis de 8 millóns de euros (3,5%)**, por enriba do crecemento dos recursos totais (3,1%), e tamén por enriba do

incremento rexistrado nos orzamentos doutras administracións, como a Xunta de Galicia, para o exercicio 2018. Os presupostos do Goberno autonómico minguan a nivel global, cun 2,4% menos que en 2017, e só se incrementan un 2,9% no gasto non financeiro.

2018 Orzamento de Gastos - Distribución Orgánica e Económica				
Capítulo	2017 C.I.	Total 2018	Diferenza €	Δ %
1 Gastos de Persoal	61.690.846,44	62.427.712,88	736.866,44	1,19%
2 Gastos en Bens Correntes e Servizos	110.588.241,37	117.474.064,27	6.885.822,90	6,23%
3 Gastos Financeiros	438.409,18	513.104,42	74.695,24	17,04%
4 Transferencias Correntes	30.350.877,44	29.179.152,39	-1.171.725,05	-3,86%
Total Operacións Correntes	203.068.374,43	209.594.033,96	6.525.659,53	3,21%
5 Fondo de Continxencia	20.000,00	20.000,00	0,00	0,00%
6 Investimentos Reais	24.446.423,77	23.927.540,70	-518.883,07	-2,12%
7 Transferencias de Capital	3.173.769,15	5.252.969,95	2.079.200,80	65,51%
Total Operacións de Capital	27.620.192,92	29.180.510,65	1.560.317,73	5,65%
Total Operacións Non Financeiras	230.708.567,35	238.794.544,61	8.085.977,26	3,50%
8 Activos Financeiros	30.001,00	30.001,00	0,00	0,00%
9 Pasivos Financeiros	8.651.431,65	7.975.454,39	-675.977,26	-7,81%
Total Operacións Financeiras	8.681.432,65	8.005.455,39	-675.977,26	-7,79%
Total Gastos	239.390.000,00	246.800.000,00	7.410.000,00	3,10%

En 2018, o Concello da Coruña **incrementará a súa capacidade de investimento nun 5,65%** con respecto a 2017. Medran o conxunto dos gastos de capital, nos que se inclúen tanto os investimentos do capítulo VI como do capítulo VII --as transferencias de capital-- destinadas tamén a novos proxectos, como é o caso da piscina do Castrillón.

Aínda que a maior parte deste esforzo se concentra nas áreas de **Rexeneración Urbana e Dereito á Vivenda**, responsable da maioría das obras públicas, e **Culturas**, Deporte e Coñecemento, que afronta o ano que vén a reforma de Riazor, o investimento acada unha transversalidade moito maior que en exercicios anteriores.

2018 Orzamento de Gastos - Peso relativo na distribución dos Gastos de Capital			
Investimentos + Transferencias de Capital		Total 2018	%
10	Alcaldía	6.000,00	0,02%
20	Facenda	25.675,00	0,09%
30	Rexeneración Urbana	11.887.806,45	40,74%
31	Medio Ambiente	916.680,00	3,14%
41	Mobilidade	2.993.712,45	10,26%
50	Culturas	7.981.357,27	27,35%
51	Xustiza Social	1.357.935,21	4,65%
60	Economía Social e Emprego	1.102.538,61	3,78%
70	Igualdade e Diversidade	1.388.692,71	4,76%
80	Participación e Innovación Democrática	1.520.112,95	5,21%
Total Gastos de Capital		29.180.510,65	100,00%

O gasto corrente increméntase nun 3,2%, en boa medida como consecuencia da **actualización salarial** dos traballadores e das traballadoras municipais, **prevista no 2%**, e do incremento da dotación de contratos como os da recollida do lixo ou a limpeza viaria, nos que se introducen **cláusulas sociais** que, entre outras cousas, esixen maiores contías **para garantir as condicións laborais do persoal**.

Por último, **as operacións financeiras redúcense nun 7,8%**, en virtude dunha menor apelación ao endebedamento para financiar os orzamentos de 2018. Os pasivos financeiros, **os préstamos, redúcense de 8,6 a 7,9 millóns de euros**.

REDUCCIÓN DO ENDEBEDAMENTO

Dende os primeiros orzamentos do actual goberno local, este vén reducindo de maneira continuada tanto a **débeda viva** como a **apelación do crédito** para financiar a acción do executivo. En 2018, a redución continúa, de xeito que **os préstamos para o financiamento dos orzamentos se minorarán en máis de 675.000 euros**, un 7,8%, con respecto ao exercicio anterior, e **máis dun 44,5%** con respecto aos presupostos de 2015.

En total, o servizo da débeda, o custe anual da amortización máis os intereses, **redúcese en máis de 6,61% con respecto a 2017**.

Menor Endebedamento	2017	2018	Dif. €	Δ %
Débeda pública	9.089.840,83	8.488.557,87	-601.282,96	-6,61%
Total	9.089.841	8.488.558	-601.283	-6,61%
Peso relativo	3,80%	3,44%		

O Orzamento municipal de 2018 conta con seguintes eixos básicos:

- > Coidado das **Persoas**
- > Coidado do **Espazo Público**
- > Coidado dos **Equipamentos Públicos**
- > **Emprego** e Promoción Económica
- > **Cultura e Deportes**
- > **Participación**
- > **Mocidade**

COIDADADO DAS PERSOAS

Este orzamento de carácter expansivo segue a ter no **combate contra a desigualdade** un dos seus principais eixos, de aí o seu esforzo no gasto social, unha máxima dende o principio do mandato. Os presupostos de 2018 revalidan esta máxima e **destinan a este apartado 45,6 millóns** de euros, o que supón un incremento de **2,6 millóns**, un **6,1%** máis con respecto a 2017. As **políticas sociais** representan un **18,5%** do orzamento municipal e inclúen proxectos de fomento do acceso á vivenda, emprego, servizos sociais, igualdade, educación e sanidade.

Gasto Social	2017	2018	Dif. €	Δ %
Vivenda	5.814.192,33	6.440.280,97	626.088,64	10,77%
Emprego	3.060.569,70	3.120.089,86	59.520,16	1,94%
Xustiza Social e Igualdade	26.522.450,58	28.051.138,73	1.528.688,15	5,76%
Educación	7.058.968,77	7.392.760,87	333.792,10	4,73%
Sanidade	563.260,29	643.611,82	80.351,53	14,27%
Total	43.019.442	45.647.882	2.628.441	6,11%
Peso relativo	17,97%	18,50%		

COIDADO DO ESPAZO PÚBLICO

Un **espazo público de calidade, accesible, ao servizo das persoas e da mobilidade sostible e saudable**, é esencial para garantir o dereito á cidade. En 2018, en liña coa estratexia EIDUS, volve ser unha prioridade para o goberno municipal, e tradúcese nun **incremento orzamentario do 5,5%**. En vías públicas o gasto medra un 17,9% e no relativo a actuacións de protección e mellora do medio ambiente un 15,4%, mentres que as actuacións en limpeza viaria e iluminación reciben un impulso do 2,2%, en praias dun 57%, en parques e xardíns un 5,2% e en recollida e tratamento do lixo un 3,2%. En total, destínanse ao coidado do espazo público **58,6 millóns de euros, case un de catro euros do orzamento municipal**.

Coidado do Espazo Público	2017	2018	Dif. €	Δ %
Vías Públicas	7.623.131,83	8.984.600,04	1.361.468,21	17,86%
Iluminación Pública e Limpeza Viaria	19.739.069,05	20.170.877,48	431.808,43	2,19%
Recollida e Tratamento do Lixo	19.809.141,48	20.442.671,81	633.530,33	3,20%
Praias	112.116,24	176.100,24	63.984,00	57,07%
Parques e Xardíns	7.043.491,98	7.410.902,19	367.410,21	5,22%
Outras Actuacións de Protección e Mellora do Medio Ambiente	1.270.958,80	1.467.065,15	196.106,35	15,43%
Total	55.597.909,38	58.652.216,91	3.054.307,53	5,49%
Peso relativo	23,22%	23,77%		

COIDADO DOS EQUIPAMENTOS PÚBLICOS

A riqueza da vida en común nunha cidade depende, en boa medida, da súa rede de equipamentos públicos. Tras dous anos de aposta polo mantemento e a mellora dos centros educativos, cun nivel de investimento sen precedentes no pasado máis recente, en 2018 o goberno municipal sitúa entre as súas liñas de actuación prioritarias a **ampliación e a mellora dos seus equipamentos públicos dedicándolle 20,5 millóns de euros, un 28,5% máis que en 2017**.

Ademais de obras de grande envergadura, como a **substitución das cubertas de Riazor, que eleva nun 42,9% os recursos destinados a instalacións deportivas**, os centros de ensino infantil, primario e de educación especial volven recibir unha especial atención, cun **incremento de fondos do 6,7%**. Esta aposta esténdese ás **bibliotecas públicas, con 3,9 millóns e un 13,4% máis que en 2017**, e aos **centros cívicos e outras infraestruturas sociais, onde o gasto se triplica** nun ano no que está prevista a posta en marcha dun espazo aberto á cidadanía no antigo cárcere, a reforma do pavillón de Catro Camiños e o desenvolvemento do proxecto das Naves de Metrosidero, un espazo dedicado á mocidade.

Os **mercados municipais**, non só como lugares de subministro de produtos alimentarios de calidade, senón como espazos de socialización e comunidade, estarán tamén no centro desta aposta do Concello polos equipamentos. Así, está previsto levar a cabo actuacións no mercado de **Monte Alto, Durmideiras e Santa Lucía**, ademais da mellora e reurbanización da contorna de **San Agustín** e outras intervencións en **Elviña e Praza de Lugo**.

Equipamentos (Investimento novo e mantemento)	2017	2018	Dif. €	Δ %
Centros de Ensino Infantil, Primario e Educación Especial	3.732.615,24	3.983.668,23	251.052,99	6,73%
Instalacións Deportivas	7.382.613,32	10.549.525,83	3.166.912,51	42,90%
Bibliotecas públicas e arquivos	3.134.154,51	3.553.593,61	419.439,10	13,38%
Comercio e Mercados	1.494.279,11	1.501.201,63	6.922,52	0,46%
Equipamentos sociais	257.342,78	970.435,21	713.092,43	277,10%
Total	16.001.004,96	20.558.424,51	4.557.419,55	28,48%
Peso relativo	6,68%	8,33%		

EMPREGO E PROMOCIÓN ECONÓMICA

As políticas de fomento do **emprego** e de promoción económica, onde incluímos as de apoio ao **comercio de proximidade** e aos **mercados municipais**, de estímulo ao **turismo sostible** e de axuda ao desenvolvemento de **actividades produtivas** na nosa cidade, reciben un **pulo importante nos orzamentos de 2018, superando os 9,2 millóns de euros tras un incremento superior ao 5,8%**.

Os recursos destinados a **incrementar as oportunidades de emprego** das persoas desocupadas, mediante cursos de formación, **incrementáanse un 37,5%** con respecto a 2017, acadando case un millón de euros (966.198,05 €).

Emprego e Promoción Económica	2017	2018	Dif. €	Δ %
Emprego	3.060.569,70	3.120.089,86	59.520,16	1,94%
Comercio e mercados	1.929.525,62	1.970.917,77	41.392,15	2,15%
Turismo	3.331.500,00	3.594.825,75	263.325,75	7,90%
Desenvolvemento empresarial	457.957,44	605.390,81	147.433,37	32,19%
Total	8.779.553	9.291.224	511.671	5,83%
Peso relativo	3,67%	3,76%		

MOBILIDADE SOSTIBLE

As políticas de fomento de Mobilidade Sostible conforman un **dos eixos principais** destes Orzamentos Municipais de 2018 e **reciben un impulso de máis do 30%** con respecto a 2017, superando os 10 millóns de euros, acadando un peso relativo do 4% sobre o total presupostario.

As principais liñas de investimento céntranse na **expansión do carril bici** (tanto dentro da cidade como o destinado a conectar coa Área Metropolitana), así como a **reordenación das liñas de autobús** adaptándoas á realidade e necesidades da poboación, a renovación e ampliación do servizo de alugueiro de **BiciCoruña**, introducindo a **bicicleta eléctrica**, e a ampliación dos **camiños escolares seguros**.

Mobilidade Sostible	2017	2018	Dif. €	Δ %
Mobilidade e Ordenación do Tráfico	7.702.695,36	10.049.093,80	2.346.398,44	30,46%
Total	7.702.695,36	10.049.093,80	2.346.398,44	30,46%
Peso relativo	3,22%	4,07%		

CULTURA E DEPORTES

As políticas centrada en facer máis accesibles á poboación tanto a Cultura como o fomento e práctica do Deporte reciben un impulso especial en 2018, cun orzamento previsto de máis de **39,3 millóns** de euros, un **10% sobre as dotacións iniciais** do ano 2017. O novo exercicio servirá para seguir avanzando na reordenación das políticas culturais coa promoción do servizo municipal de bibliotecas e a configuración do **Instituto Coruña Espéctáculos** (IMCE) --ao que se lle incrementan transferencias por valor **dun millón** de euros-- nun organismo municipal non só de organización de eventos, senón un verdadeiro instrumento de políticas de promoción cultural.

En materia deportiva, os orzamentos vense especialmente reforzados para o vindeiro ano como consecuencia da execución, nunha única anualidade, da totalidade das obras de substitución **da cuberta do estadio de Riazor**, para o que se destinan fondos por valor de **6,1 millóns** de euros.

Cultura e Deporte	2017	2018	Dif. €	Δ %
Cultura	24.634.572,59	25.425.119,82	790.547,23	3,21%
Deportes	10.946.309,58	13.888.915,83	2.942.606,25	26,88%
Total	35.580.882,17	39.314.035,65	3.733.153,48	10,49%
Peso relativo	14,86%	15,93%		

PARTICIPACIÓN

Para facer posible unha nova forma de gobernar, contando coa participación directa da cidadanía, é necesario dotar á administración de recursos para crear as ferramentas adecuadas. Nos orzamentos para 2018 os medios para desenvolver **estas políticas se incrementan en máis do 33,7%**. A **colaboración coas asociacións veciñais e coas entidades que fomentan a participación** cidadá tamén se vén reforzadas nestas contas nas que, ademais, o Concello resérvase **case tres millóns de euros** para os investimentos relacionados co proceso de **Orzamentos Participativos**, mediante os que a cidadanía decide o destino directo dunha parte dos investimentos municipais.

Participación	2017	2018	Dif. €	Δ %
Atención á Cidadanía	561.568,26	575.921,72	14.353,46	2,56%
Participación cidadá	900.919,45	1.379.869,71	478.950,26	53,16%
Total	1.462.487,71	1.955.791,43	493.303,72	33,73%
Peso relativo	0,61%	0,79%		

MOCIDADE

Os Orzamentos de 2018 sitúan as políticas de **mocidade**, cuxos programas reciben un pulo dun **14,07%**, como unha liña de actuación fundamental para un colectivo que ficou esquecido nas contas municipais durante anos. Desde unha perspectiva transversal, implantaranse accións para acompañar e facilitar o desenvolvemento deste colectivo, dende o **Plan de Emprego Xuvenil** ou a aposta polo fomento e visibilización dos deportes urbanos. Os proxectos de dinamización xuvenil nos barrios **incrementan os seus recursos en máis dun 53%**, así como tamén se reforzan os programas de **Lecer Saudable** para a mocidade ou os fondos destinados aos **Locais de Ensaio** ou o **Centro de Información Xuvenil (CMIX)**.

Mocidade	2017	2018	Dif. €	Δ %
Mocidade	554.676,08	632.711,68	78.035,60	14,07%
Total	554.676,08	632.711,68	78.035,60	14,07%
Peso relativo	0,23%	0,26%		